

ORDENANZA 4.32

PREZO PÚBLICO POLA PRESTACION DE SERVIZOS NO REFUXIO DE ANIMAIS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co 41, ambos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese o prezo público pola prestación de servizos no refuxio de animais de Zarramecedo

Artigo 2º. Concepto

O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polas persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas, que se benefician dos servizos prestados polo refuxio de animais de Zarramecedo

Artigo 3º. Obrigados ao pago

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza os que soliciten ou se benefician da prestación de servizos no refuxio de animais

Artigo 4º. Cuantía

O importe que se debe pagar ao Concello é o seguinte:

1. Marcaxe con microchip e inscrición no REGIAC:	33,00 €
2. Eutanasia:	
2.1. animais de menos de 10 kg	15,00 €
2.2. cans de entre 10 e 20 kg	20,00 €
2.3. cans de máis de 20 ata 40 kg	25,00 €
2.4. cans de máis de 40 kg	33,00 €
3. Incineración	
3.1. animais de menos de 10 kg	30,00 €
3.2. animais entre 10 e 25 kg	36,00 €
3.3. animais de máis de 25 kg	46,00 €
4. Recollida domiciliaria de animais para incineración	10,00 €
5. Estancia	3,00 €/animal/día

6. Ingreso de animais no refuxio	
6.1. susceptibles de adopción	30,00 €
6.2. non susceptibles de adopción:prezos de eutanasia e incineración	
7. Recollida domiciliaria e transporte ao refuxio	20,00 €
8. Adopcións	
8.1. Gato (vacinado, castrado)	30,00 €
8.2. Gata (vacinada, castrada-ou con anticonceptivo-)	30,00 €
8.3. Can (vacinado, castrado, con chip)	60,00 €
8.4. Cadela (vacinada, castrada –ou con anticonceptivo- Con chip)	60,00 €
9. Vacinacións post-adopción	18,00 €/animal 30,00 €/2 animais

Artigo 5º. Normas de xestión

1. A obriga do pago do prezo público nace no momento no que se solicite o servizo
2. O obrigado ao pago deberá aboar previamente o importe correspondente ao servizo prestado
3. Cando por causas non imputables ó obrigado ao pago do prezo, o servizo ou actividade non se preste ou non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día vinte e seis de maio de dous mil cinco. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e aplicaráse mentres non se acorde a súa derogación ou modificación

